

INSCRICIÓN DE SOCIOS DA ANPA

Para inscribirse como socio da ANPA será preciso entregar a folla de alta correspondente así como a autorización para que a ANPA poida cobrar a cuota anual correspondente mediante domiciliación bancaria. Esta cuota ascenderá a **20 euros por familia**, igual que en anos anteriores.

Este documento debe depositarse no buzón da ANPA situado a carón de ambas portas dos edificios de Infantil e Primaria. Tamén se pode enviar escaneada ao correo-e da ANPA. anpaceipamaia.ames@gmail.com.

O recibo da cuota de socio cobrarase anualmente a principio de cada curso ata que se comunique o contrario a ANPA ou remate a escolarización do/s neno/s ou nena/s.

De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679, solicitámoslle os seus datos de carácter persoal, que serán tratados coa finalidade de xestionar os datos identificativos dos asociados, promover actividades organizadas pola asociación así como levar a cabo a xestión fiscal, contable e administrativa. Os datos poderán ser cedidos á administración tributaria, así como a bancos, entidades financeiras e xestorías para a domiciliación e tramitación de pagos. Os datos proporcionados conservaranse mentres permaneza de alta como asociado, ou durante os anos necesarios para cumprir coas obrigas legais. Vostede ten dereito a obter confirmación sobre se estamos tratando os seus datos persoais, polo tanto ten dereito a acceder aos seus datos persoais, rectificar os datos inexactos ou solicitar a súa limitación, portabilidade ou supresión cando os datos xa non sexan necesarios. Para isto pode poñerse en contacto coa ANPA CEIP A MAIA no correo: anpaceipamaia.ames@gmail.com.